

V.2. Procedemento de acreditación de méritos: enfermeiro/a

a) Formación académica	<p>Acreditarase, segundo o suposto, mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación da respectiva universidade ou centro oficial en que se obtívase a titulación, debidamente asinado, que deixe constancia de cada un dos méritos invocados polo aspirante e data en que foron causados.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro (UE) presentarase xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada del ou equivalente e credencial de recoñecemento da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p> <p>As titulacións obtidas no estranxeiro (non UE) deberán acreditarse coa achega da copia compulsada do título, tradución xurada del ou equivalente e documento de homologación ou validación expedido polo Ministerio de Educación español.</p> <p>O expediente académico e cualificacións obtidas requiren, para a súa valoración, a presentación de certificados de recoñecemento ou equivalencia oficial.</p> <p>Noutro suposto, non se entenderá debidamente acreditado o mérito.</p>
------------------------	---

CVE-DOG: 2w1nnqf9-1915-6xv4-110-dqyvjgfrpk8



b) Formación continuada	<p>a) Recibida: acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do certificado de asistencia ao curso en que deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a devandita actividade formativa, as datas de realización, contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados. Xunto coa devandita certificación, deberá achegarse o correspondente programa formativo ou categoría/s destinataria/s.</p> <p>No suposto de cursos acreditados pola comisión nacional ou autonómica de formación continuada, deberá constar o organismo ou entidade que convocou ou impartiu a devandita actividade formativa, o título da actividade formativa, datas de realización, número de créditos e/ou horas asignadas, o logotipo da respectiva comisión e, ademais, o número de expediente se se trata de actividades formativas posteriores a abril de 2007.</p> <p>- Normas específicas para a formación <i>on line</i>. Valoraranse aqueles diplomas de cursos <i>on line</i> en que conste o número de créditos, número de expediente e logotipo da comisión de formación continuada. Non será necesario que conste o número de expediente se se trata de cursos anteriores a abril de 2007.</p> <p>Serán válidos aqueles diplomas asinados dixitalmente por Digital Learning cun certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), así como aqueles que se poidan referenciar a unha web verificable ou cotexable polo órgano de selección. Noutro suposto deberá achegarse certificación orixinal asinada polo órgano que impartiu a actividade formativa, que conterà toda a información exixida nesta parte.</p> <p>No suposto de formación <i>on line</i> con desenvolvemento nun rango de datas, será válida a formación que conste superada dentro das devanditas datas.</p> <p>Valoraranse os módulos ou partes integrantes dun curso nos supostos en que quede debidamente acreditada a carga lectiva e horas/créditos asignados de forma diferenciada.</p> <p>Non se valorarán nesta epígrafe os cursos/módulos que sexan parte dunha titulación de formación académica.</p> <p>O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado <i>on line</i> cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p> <p>b) Impartida: acreditarase mediante certificación do organismo ou entidade convocante, na cal deberá constar o contido e os destinatarios da actividade formativa, así como o número de horas de docencia impartidas.</p> <p>Noutro suposto, non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
c) Experiencia profesional	<p>A experiencia profesional en institucións públicas acreditarase mediante certificación emitida pola Dirección de Recursos Humanos do centro ou órgano equivalente en que deberá constar a seguinte información: categoría/especialidade, tipo de vínculo (fixo, temporal, atención continuada, formación, promoción profesional temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións/en nº de horas no suposto de vínculos de atención continuada, total de días de vinculación, réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>A experiencia profesional en centros privados acreditarase mediante certificación da empresa en que deberá constar a información arriba indicada, ou contrato laboral. En ambos os dous supostos, xunto coa citada documentación deberá presentarse un informe de vida laboral emitido polo INSS.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias públicas, tal certificación deberá facer constar expresamente a natureza pública da institución e a súa integración no sistema sanitario público do Estado respectivo. Noutro caso a experiencia profesional non será obxecto de valoración.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas concertadas, deberá quedar debidamente acreditada no certificado a existencia dun concerto co respectivo servizo de saúde autonómico ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea nos períodos de vinculación. Noutro suposto, tal mérito non será valorado.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas acreditadas para a docencia, deberá quedar acreditada en el certificado acreditado no certificado que se presente a condición de institución acreditada no ámbito do SNS ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea para a formación de especialidades de profesións sanitarias.</p> <p>Non será necesario acreditar documentalmente a experiencia profesional nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, así como a condición de centro concertado co Servizo Galego de Saúde.</p>



d) Publicación de traballos científicos e de investigación	<p>- Revistas científicas indexadas en Pubmed. Non será necesaria a súa acreditación documental. O/a aspirante consignará na aplicación informática, no espazo habilitado para o efecto, o código de identificación PMID e rexistrará manualmente a información relativa a número de sinaturas, número de orde de sinaturas e tipo de publicación. O sistema realizará a captura automática da información relativa aos outros campos da base de datos de Pubmed para a súa posterior validación.</p> <p>- Revistas científicas indexadas en CSIC (ICYT, ISOC), IBECS, Web of Knowledge (Wok), Embase, PsycINFO, CINAHL e CUIDEN. Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial responsable ou organismo público con competencias en xestión e arquivamento de publicacións. Na certificación ou copia impresa deberá constar o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.</p> <p>- Libros/capítulos de libro editados en papel. Deberá entregarse copia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, editorial, o seu depósito legal e/ou ISBN/NIPO, lugar e ano de publicación e índice da obra. Ademais, deberá quedar acreditado o número de páxinas do libro/capítulo e que tal publicación está avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>- Libros editados en formato electrónico. Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial ou organismo público con competencias de xestión e arquivamento de publicacións, na cal se fará constar a autoría do capítulo e demais datos bibliográficos básicos que identifiquen a obra e/ou capítulo (autores, data de publicación, edición, ano, URL e data de consulta e acceso). Tal publicación deberá estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>Noutro suposto, non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
e) Premios de investigación	<p>Acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do diploma de concesión. Se no diploma non consta expresamente o seu ámbito, deberá complementarse tal documentación coa presentación das bases de convocatoria do premio.</p> <p>Noutro suposto, non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
f) Proxectos de investigación	<p>A participación como investigador principal no proxecto de investigación acreditarase mediante copia da publicación oficial da resolución de convocatoria, sempre que consten os datos necesarios para identificar o proxecto e o investigador, ou certificado de participación expedido polo organismo financiador, en que consten os datos identificativos do interesado e do proxecto en que participa.</p> <p>A participación como investigador colaborador acreditarase mediante a presentación da copia de resolución de convocatoria se nela consta tal participación. O/a aspirante deberá constar como parte do equipo investigador definido no documento de solicitude do proxecto ou en documento posterior que así o acredite no caso de que tivese habido cambios no equipo investigador ao longo da súa vixencia.</p> <p>No suposto de que o organismo convocante non expida certificados de participación, deberá presentarse certificado asinado polo investigador principal en que conste a identidade do/dos colaborador/es, notificación acreditativa de concesión do proxecto ao investigador principal expedida polo organismo e copia do proxecto orixinal enviado a convocatoria no cal deberá constar a identidade dos investigadores colaboradores.</p>
g) Estadías formativas	<p>Acreditarase mediante certificación do responsable da estadía (director do centro) en que se faga constar o obxecto da estadía e as datas de inicio e fin.</p> <p>Non serán tidas en conta as rotacións externas realizadas, se é o caso, durante o período formativo dunha especialidade.</p>
h) Patentes	<p>As patentes solicitadas e aceptadas acreditaranse coa inscrición no Rexistro de Patentes.</p> <p>As patentes que se encontren en explotación acreditaranse coa presentación do acordo de explotación da patente.</p>
i) Programa de formación en investigación Río Hortega	<p>Este mérito deberá ser rexistrado electronicamente polo/a aspirante en Fides/expedient-e na parte «outros méritos».</p> <p>Acreditarase este mérito mediante contrato de traballo asinado entre o candidato e a entidade beneficiaria, xunto ao cal se presentará informe de vida laboral expedido polo INSS.</p>
j) Coñecemento da lingua galega	<p>A acreditación deste mérito efectuarase mediante certificado orixinal ou copia compulsada do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.</p> <p>Só se concederá validez, no que se refire á acreditación do coñecemento do galego, aos cursos, estudos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.</p>
k) Compulsa de documentos	<p>As copias dos documentos orixinais acreditativos de méritos que se acheguen deberán estar cotexadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.</p>



l) Tradución de documentos	<p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español deberán acompañarse da súa tradución para o castelán ou galego, que deberá ser efectuada:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Por tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.b) Por calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.c) Pola representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán o solicitante ou, se é o caso, do de procedencia do documento. <p>Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida.</p>
----------------------------	--

